



Teaching Guide

| Identifying Data | | | | | 2017/18 |
|---------------------|---|--------|---------------------|-----------|---------|
| Subject (*) | Religion, Culture and Values | | Code | 652G01044 | |
| Study programme | Grao en Educación Infantil | | | | |
| Descriptors | | | | | |
| Cycle | Period | Year | Type | Credits | |
| Graduate | 2nd four-month period | Fourth | Optativa | 4.5 | |
| Language | SpanishGalician | | | | |
| Teaching method | Face-to-face | | | | |
| Prerequisites | | | | | |
| Department | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | | |
| Coordinador | Casás Salgado, Rafael Carlos | E-mail | rafael.casas@udc.es | | |
| Lecturers | Casás Salgado, Rafael Carlos | E-mail | rafael.casas@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| General description | <p>Esta asignatura ofrécese como optativa a tódolos alumnos do Grao en Educación Infantil, para que poidan acadar unha formación verdadeiramente integral en tódalas dimensións da persoa; pois a dimensión espiritual e relixiosa é imprescindible para comprende-lo noso mundo (aínda que só sexa como feito cultural).</p> <p>Nesta materia, os alumnos poderán coñecer mellor o feito relixioso en xeral, as principais relixións en particular e o cristianismo de xeito especial. Tamén, se achegarán ós valores ético-cívicos que promove o cristianismo, estudarán as razóns polas que o noso ordenamento xurídico defende o dereito á educación relixiosa na escola, e traballarán o currículo académico de "Relixión e Moral Católica". Finalmente, farán un achegamento á Biblia e á historia da Igrexa.</p> <p>Recordamos que nesta Facultade de Ciencias da Educación se imparte o posgrao, título propio da UDC, "Curso de Especialización en Didáctica Escolar da Teoloxía Católica" (DETECA). Este posgrao "DETECA", sumado á materia de "Relixión, Cultura e Valores", completan os créditos necesarios para solicita-la "Declaración Eclesiástica de Competencia Académica" (DECA) e poder exercer como profesor de "Relixión e Moral Católica" en Infantil e Primaria.</p> | | | | |

Study programme competences

| Code | Study programme competences |
|------|---|
| A13 | Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable. |
| A37 | Adquirir coñecemento sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia. |
| A40 | Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados. |
| A45 | Coñecer a tradición oral e o folclore. |
| B18 | Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas. |
| B20 | Coñecemento de outras culturas e de outras costumes. |
| B24 | Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |

Learning outcomes

| Learning outcomes | Study programme competences | | |
|--|-----------------------------|-------------------|----------|
| Adquirir coñecemento sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia. Coñecemento das relixións e a súa interacción na sociedade actual. | A37 A40 A45 | B18 B20 B24 | C4 C7 |
| Coñecemento doutras culturas e doutros costumes. Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade. | | B20 B24 | |



| | | | |
|--|-----|-----|----|
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. | A13 | B24 | C4 |
| Coñecer a tradición oral e o folclore, especialmente no ámbito das tradicións relixiosas populares de Galicia. | A45 | B24 | C7 |

| Contents | |
|--|---|
| Topic | Sub-topic |
| Módulo 0. A materia de "Relixión, Cultura e Valores" nunha educación integral. | 0.0. Presentación da materia. 0.1. Mapa conceptual do constructo Relixión-Cultura-Valores. 0.2. Dimensións do compromiso cristián. |
| Módulo 1. Estudo do feito relixioso nas súas dimensións histórica e antropolóxica. | 1.1. A procura do sentido da vida. 1.2. As grandes preguntas. 1.3. Panorama de respostas. 1.4. A resposta compartida das relixións. 1.5. Conceptos clave. |
| Módulo 2. Estudo dos grandes sistemas relixiosos máis presentes na poboación mundial actual. | 2.1. As relixións tradicionais ou primitivas. 2.2. Hinduísmo e Budismo. 2.3. As relixións monoteístas. |
| Módulo 3. Relixións e sociedade. A secularización do occidente cristián. O renacer do feito relixioso. Novos movementos relixiosos e sectas. | 3.1. As orixes da Igrexa e a súa relación co mundo romano. 3.2. A Igrexa na época de cristiandade. 3.3. A Igrexa na idade moderna. 3.4. A secularización de occidente no mundo contemporáneo. 3.5. A nova evanxelización como renacer do feito relixioso hoxe. 3.6. Novas formas de relixiosidade ó noso redor. 3.7. Arte e relixión. |
| Módulo 4. O feito relixioso cristián, a súa singularidade específica, e os valores cívicos, éticos e culturais que conleva. | 4.1. As dimensións da moral. 4.2. A doutrinas filosófico-éticas e os dereitos humanos. 4.3. A conciencia. A ética de mínimos e a ética de máximos. 4.4. A vocación, os valores e a moral persoal. 4.5. A bioética e a moral social. |
| Módulo 5. O encontro entre as relixións; diálogo interrelixioso e ecumenismo. As relixións e a paz. | 5.1. O diálogo interrelixioso. 5.2. O ecumenismo. 5.3. As confesións cristiás. 5.4. Esforzos actuais pola unidade e a paz: organismos, accións concretas,... |
| Módulo 6. Valor humanizador do relixioso, aplicado especialmente á educación e á escola. | 6.1. O dereito á educación relixiosa e moral dacordo coas propias conviccións. 6.2. O currículo de "Relixión e Moral Católica" na etapa correspondente. |
| Módulo 7. Iniciación ó coñecemento da Biblia, en especial o Novo Testamento. Estudo histórico-crítico dos evanxeos canónicos. | 7.1. Conceptos básicos sobre a Biblia e o pobo de Israel. 7.2. Niveis de acceso ó texto bíblico. 7.3. O Antigo Testamento. 7.4. O Novo Testamento. Os evanxeos. |

| Planning | | | | |
|--------------------------------|-------------------|----------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests | Competencies | Ordinary class hours | Student's personal work hours | Total hours |
| Guest lecture / keynote speech | A37 A40 A45 B20 | 16 | 32 | 48 |
| Collaborative learning | A13 B18 B24 C7 C4 | 15 | 15 | 30 |
| Supervised projects | A13 B24 C4 C7 | 2 | 19 | 21 |
| Short answer questions | A37 A40 A45 B20 | 2 | 10.5 | 12.5 |
| Personalized attention | | 1 | 0 | 1 |

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.



Methodologies

| Methodologies | Description |
|--------------------------------|--|
| Guest lecture / keynote speech | Sesións expositivas: exposición oral do profesor, complementada con diapositivas, esquemas escritos e montaxes audiovisuais. Estas explicacións teóricas desenvolven os contidos conceptuais que conforman a estrutura de cada tema. |
| Collaborative learning | Sesións interactivas: os alumnos, distribuídos en grupos de 5 a 9 integrantes, traballan colaborativamente sobre a resolución de exercicios prácticos, presentados polo profesor. Estes exercicios prácticos desenvolven os contidos procedimentais que complementan os contidos conceptuais das sesións maxistras. Esta é a primeira forma de avaliación. |
| Supervised projects | Os alumnos, que desexen avaliarse por este medio, poderán optar por unha das seguintes modalidades de traballo: recensionar unha monografía, estudar unha característica dunha relixión, desenvolver unha proposta didáctica. |
| Short answer questions | Os alumnos, que non teñan participado nos exercicios de aprendizaxe colaborativa nin realicen o traballo tutelado, deberán presentarse a esta proba final de avaliación. Consistirá en 20 preguntas de resposta breve, que recollen tódolos bloques de contidos da materia. |

Personalized attention

| Methodologies | Description |
|---------------------|--|
| Supervised projects | O profesor manterá dous encontros obrigatorios cos alumnos que escollan esta modalidade de avaliación. O primeiro será para explicar e escolle-lo contido do traballo. O segundo servirá para facer un seguimento da evolución do traballo. A partir destes dous encontros obrigados, o alumno poderá solicitar máis sesións de tutoría co profesor. |

Assessment

| Methodologies | Competencies | Description | Qualification |
|------------------------|-------------------|---|---------------|
| Collaborative learning | A13 B18 B24 C7 C4 | A media ponderada da nota de tódolos exercicios prácticos representa a primeira forma de cualificación. | 33 |
| Supervised projects | A13 B24 C4 C7 | A nota do traballo representa a segunda forma de avaliación. | 33 |
| Short answer questions | A37 A40 A45 B20 | A nota do exame representa a terceira forma da avaliación. | 34 |

Assessment comments

| |
|--|
| Pódese concorrer a unha ou varias modalidades de avaliación. A nota final da materia será a máis alta das modalidades escollidas. |
|--|

Sources of information

| | |
|----------------------|--|
| Basic | <ul style="list-style-type: none"> - Luis González-Carvajal (2016). Esta es nuestra fe. Teología para universitarios. Sal Terrae - Juan Martín Velasco (2006). Introducción a la Fenomenología de la Religión. Trotta - Conferencia Episcopal Española (2015). Currículo del Área de Religión y Moral Católica. http://www.conferenciaepiscopal.es/curriculo-de-religion/ - Conferencia Episcopal Española (2012). Sagrada Biblia. BAC - Philippe Gruson (2009). Para leer el Antiguo Testamento. Verbo Divino - Étienne Charpentier (1990). Para leer el Nuevo Testamento. Verbo Divino - Jean Comby (2007). Para leer la Historia de la Iglesia. Verbo Divino |
| Complementary | |

Recommendations

| |
|---|
| Subjects that it is recommended to have taken before |
| Subjects that are recommended to be taken simultaneously |
| Subjects that continue the syllabus |



Other comments

A asignatura de RELIXIÓN, CULTURA E VALORES require do alumno os coñecementos básicos da materia de "Relixión e Moral Católica", adquiridos no nivel de Secundaria e Bacharelato. Sen estas competencias previas non será imposible, pero si moi difícil, superar satisfactoriamente esta asignatura.

Á luz da recente encíclica do papa Francisco "Laudato'Si", sobre o coidado da casa común, recomendamos:

- ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais, profesionais,...
- envía-los traballos telemáticamente e, de non ser posible, imprimilos a dobre cara, en papel reciclado, sen portadas plásticas,...
- facer un uso sostible dos recursos, para previr impactos negativos sobre o medio natural,...

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.